



COMUNICACIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DE VIGO SOBRE A REALIZACIÓN DUN SORTEO PARA DIRIMIR O EMPATE ENTRE ASPIRANTES ADMITIDOS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE OURIZO NA MODALIDADE DE A PÉ PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DA GUARDA

1. Por resolución de 21 de novembro de 2022, esta Xefatura Territorial convocou proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación de ourizo na modalidade de a pé para exercer a actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores da Confraría da Guarda.
2. Por resolución de 21 de decembro de 2022 desta xefatura, publicouse a listaxe provisional das puntuacións obtidas polas persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo e deuse un prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, para presentar alegacións.
3. Logo de revisar a documentación achegada obsérvase a existencia de empate entre dúas persoas aspirantes coa puntuación máxima.
4. O punto 5 do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para a valoración das solicitudes para obter o permiso de explotación de recursos específicos a pé, establece que: *"En caso de empate na puntuación obtida, resolverase mediante sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación"*.

Á vista do exposto e no exercicio das súas competencias esta xefatura territorial,

COMUNICA:

A celebración dun sorteo en presenza das persoas afectadas para dirimir o empate xurdido.

A asistencia ao sorteo é VOLUNTARIA.

Para poder acudir ao acto, as persoas afectadas terán de remitir un correo electrónico ao seguinte enderezo recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal indicando a intención de acudir, o seu nome, apelidos e DNI. O prazo máximo para confirmar a asistencia é o martes, 25 de xaneiro de 2023, ás 14:00h

De ser o caso, aquela persoa que asista no lugar dalgunha das persoas convocadas, deberá presentar no momento da entrada ao acto un documento no que acredite a súa representación,





indicando os seus datos identificativos e debidamente cuberto e asinado pola persoa afectada.

Lugar de celebración:

SALA "C" na 4ª planta do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia - Torre 1
Rúa Concepción Arenal, 8
36201 Vigo

Data: 25 de xaneiro de 2023

Hora: 10:00 h en única convocatoria

Relación de persoas empatadas con 7,00 puntos:

Apelidos e Nome	NIF
ADROVER GONZÁLEZ, PABLO	* * * 7001 * *
PÉREZ ESTÉVEZ, DIEGO	* * * 7175 * *

Levantarase acta da realización do sorteo que reflectirá a orde de prelación das persoas aspirantes empatadas, para continuar coa tramitación do proceso de selección.

Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, esta comunicación de sorteo realizarase mediante publicación no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais, así como no taboleiro de anuncios da Confraría da Guarda.

A Xefa Territorial
Sonia Lorenzo Santos

